

O bo sentido é a cousa que mellor repartida está no mundo, pois cada un pensa que posúe tan boa provisión del, que aínda os máis difíciles de contentar respecto a calquera outra cousa, non acostuman apetecer máis do que xa teñen. No cal non é verosímil que todos se enganen, senón que máis ben isto demostra que a facultade de xuzgar ben e distinguir o verdadeiro do falso, que é propiamente o que chamamos bo sentido ou razón, é naturalmente igual en todos os homes; e, polo tanto, que a diversidade das nosas opinións non provén de que uns sexan máis razoables que outros, senón tan só de que diriximos os nosos pensamentos por camiños diferentes e non consideramos as mesmas cousas. Non basta, en efecto, con ter un bo inxenio; o principal é aplicalo ben.

(...) Nada direi da filosofía senón que, ao ver que foi cultivada polos máis excelsos espíritos que viviron dende hai séculos, e, sen embargo, non hai cousa nela que non sexa obxecto de disputa e, por consiguiente, que non sexa dubidosa, non tiña eu a presunción de esperar acertar mellor que os demais; e considerando cantas opinións diversas pode haber referentes a unha mesma materia, que sexan sostidas todas por xentes doctas, aínda cando non pode ser verdadeira máis que unha soa, reputaba casi como falso todo o que non fora máis que verosímil.

(...) Pero como un home que ten que andar só e na escuridade, resolvín ir tan despacio e empregar tanta circunspección en todas as cousas, que, a risco de adiantar moi pouco, gardaríame polo menos ben de caer. E incluso non quixen empezar a rexeitar por completo ningunha das opinións que puideron noutro tempo terse deslizado na miña crenza, sen ter sido introducidas pola razón, ate despois de pasar un bo tempo dedicado ao proxecto da obra que ía emprender, buscando o verdadeiro método para chegar ao coñecemento de todas as cousas das que o meu espírito fose capaz.

(...) E, como a abundancia de leis fornece sempre excusas para os vicios, de xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón moi poucas leis, estas son moi estreitamente observadas; así, en lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a lóxica, crin que, sempre que tomase unha firme e constante resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abondaría cos catro seguintes.

Consistía o primeiro en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese evidentemente ser tal; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada nos meus xuízos, senón aquilo que se presentase tan claramente e tan distintamente ao meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida.

O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requerable para mellor resolvelas.

O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos, comezando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden naturalmente os uns aos outros.

E o derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada.

Esas longas cadeas de razóns, todas simples e fáciles, das que os xeómetras teñen costume de se servir para chegar ás súas máis difíciles demostracións, déronme ocasión de imaxinar que todas as cousas que poden caer baixo o coñecemento dos homes sucédense as unhas ás outras da mesma maneira, e que, soamente con absterse de aceptar como verdadeira ningunha que

non o sexa, e gardar sempre a orde precisa para deducilas unhas das outras, non pode haber entre elas ningunha tan afastada á que finalmente non se chegue, nin tan agochada que non se descubra. E non me foi difícil buscar por cales era necesario comezar, pois sabía xa que era polas máis simples e as máis doadas de coñecer; e, considerando que entre cantos teñen con anterioridade procurado a verdade nas ciencias, só os matemáticos puideron atopar algunhas demostracións, é dicir, algunhas razóns certas e evidentes, non dubidaba que debería comezar polas mesmas que eles tiñan examinado, aínda cando non esperaba ningunha outra utilidade, senón acostumar o meu espírito a alimentarse de verdades e non contentarse con falsas razóns.

René DESCARTES. Discurso do método. Para dirixir ben a razón e buscar a verdade nas ciencias.

CUESTIONARIO DESCARTES DISCURSO DO MÉTODO. PARTE I. PARTE II.

1. Se todos os seres humanos teñen uso de razón, ¿como é que moitas veces non atinan coa verdade?, ¿acaso a razón non abonda por si mesma para diferenciar o verdadeiro do falso?, ¿o uso da razón necesita dunha axuda?, ¿por que?, ¿cal sería esa axuda?, ¿que labor tería que levar a cabo en relación coa razón?
2. En opinión de Descartes, ¿cal é a situación da filosofía?, ¿que solución atopa o filósofo francés para remediar o estado no que se encontra?
3. ¿Para que serve o método?, ¿que dous obxectivos principais persegue Descartes coa utilización do método?
4. Ponlle a cada unha das regras do método cartesiano un nome e aporta unha breve explicación da regra en cuestión.
5. ¿En cal das catro regras do método atopamos o criterio de verdade para diferenciar o verdadeiro do falso no ámbito da investigación filosófica?, ¿en que consiste ese criterio de verdade?, ¿como podemos ter a seguridade de que algo é verdadeiro?, ¿cando sabemos que algo é falso?
6. ¿Quen ou que determina o que é falso ou verdadeiro?, ¿que tipo de criterio de verdade manexa Descartes: un criterio externo/extrínseco ou interno/intrínseco?
7. ¿Que saberes sérvেনlle a Descartes de modelo á hora de elaborar as regras do método?, ¿por que motivo son os seus referentes?, ¿que rasgos posúen esas disciplinas académicas?